

REGRAS DE ASIGNACIÓN DE GRUPO DE DOCENCIA EXPOSITIVA E DE CAMBIO DE QUENDA PARA OS ALUMNOS DO GRAO EN DEREITO

Consonte á Resolución do Decano da Facultade do 22 de xullo de 2011 (pódese consultar neste taboleiro de anuncios e na páxina web da Facultade, www.usc.es/fac_dereito), ós alumnos do Grao en Dereito correspóndenlles os seguintes grupos de docencia expositiva en función da orde alfabética dos seus apelidos:

1.- ALUMNOS DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMEIRA MATRÍCULA (matrícula xa pechada):

- Letras A-F: grupo A.

- Letras G-O: grupo B.

- Letras P-Z: grupo C.

2.- ALUMNOS QUE CURSARON PRIMEIRO DE GRAO NA FACULTADE O CURSO PASADO E CONTINÚAN ESTUDOS (prazo de matrícula entre o 1 de agosto e o 9 de setembro):

A) Se só se matriculan en materias de primeiro curso:

- Manteñen o grupo de docencia expositiva que tiveron asignado no curso 2010/2011.

B) Se só se matriculan en materias de segundo curso:

- Letras A-L: grupo A.

- Letras M-Z: grupo B.

C) Se se matriculan en materias de primeiro e de segundo curso:

- Para as materias de primeiro curso manteñen o grupo de docencia expositiva que tiveron asignado no curso 2010/2011.

- Para as materias de segundo curso correspóndelle o grupo da quenda inversa á do grupo das materias de primeiro (se en primeiro están nun grupo de mañá, A ou B, en segundo correspóndelles o grupo C; se en primeiro están no grupo de tarde, C, en segundo correspóndelles o grupo A ós alumnos de apelidos entre A e R e o grupo B ós de apelidos entre S e Z).

3.- ALUMNOS QUE SE ADAPTEN Ó GRAO DESDE A LICENCIATURA EN DEREITO NO CURSO 2011/2012 (prazo de matrícula entre o 3 e o 21 de outubro):

A) Se só se matriculan en materias de primeiro curso:

- Letras A-F: grupo A.

- Letras G-O: grupo B.

- Letras P-Z: grupo C.

B) Se só se matriculan en materias de segundo curso:

- Letras A-L: grupo A.

- Letras M-Z: grupo B.

C) Se se matriculan en materias de primeiro e de segundo curso:

- Para as materias de primeiro curso correspóndelles o grupo C.

- Para as materias de segundo curso:

- Letras A-L: grupo A.

- Letras M-Z: grupo B.

SOLICITUDES DE CAMBIO DE QUENDA:

Preséntanse na Secretaría do Decanato da Facultade dentro dos seguintes prazos:

- ALUMNOS DE PRIMEIRO DE PRIMEIRA MATRÍCULA E ALUMNOS QUE ESTIVERON MATRICULADOS NO GRAO EN DEREITO O CURSO PASADO E CONTINÚAN ESTUDOS: ATA O 9 DE SETEMBRO INCLUSIVE.

- ALUMNOS QUE SE ADAPTEN Ó GRAO DESDE A LICENCIATURA EN DEREITO NO CURSO 2011/2012: poden pedir o cambio de quenda en calquera momento, pero só se concederá por motivos laborais ou outras circunstancias extraordinarias, como a atención a familiares dependentes ou enfermos ou a conciliación da vida familiar cos estudos.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011.